

# MEMORIA ANUAL 2016

**29**  
ANOS  
1987-2017



**COLABORA**



**AXUDAR  
PODE SER MOI  
FACIL**



**FUNDACIÓN  
AMIGOS DE GALICIA**

## ÍNDICE

<b>1. INTRODUCCIÓN</b> .....	3
<b>2. PADROADO DA FUNDACIÓN AMIGOS DE GALICIA</b> .....	3
<b>3. QUENES SOMOS</b> .....	4
<b>4. INSTALACIÓNS DA ENTIDADE</b> .....	7
<b>5. PROXECTOS DESENVOLTOS POLA ENTIDADE</b> .....	8
5.1 PLAN DE LOITA CONTRA A POBREZA E A EXCLUSIÓN SOCIAL.....	8
5.1.2 PROXECTO PARA A INFORMACIÓN AO COLECTIVO INMIGRANTE .....	18
5.1.3 PROXECTO DE AXUDA ÁS MULLERES QUE SOFREN OU SUFRIRON VIOLENCIA DE XÉNERO EN GALICIA .....	18
5.1.4. PROXECTOS DE RECOLLIDA DE TAPÓNS .....	19
5.1.5. OUTROS SERVIZOS PRESTADOS POLA FUNDACIÓN AMIGOS DE GALICIA .....	20
5.2 PROXECTOS DESENVOLTOS PARA DEMANDANTES DE EMPREGO .....	21
<b>6. OUTRAS ACTIVIDADES</b> .....	25
6.1. PROXECTO DE PROMOCIÓN DA CULTURA GALEGA .....	25
6.2. COOPERACIÓN NACIONAL E INTERNACIONAL .....	26
<b>7. SERVIZOS PRESTADOS E APORTACIÓNS REALIZADAS</b> .....	28
7.1 Concellos cos que se mantén Convenio e/ou Subvención.....	29
7.1.1 Provincia de A Coruña .....	29
7.1.2 Provincia de Lugo.....	43
7.1.3 Provincia de Ourense .....	54
7.1.4 Provincia de Pontevedra .....	65
7.2 Concellos sen Convenio de Colaboración .....	86
<b>8. ANEXO I. BALANCE DE INGRESOS E GASTOS 2016</b> .....	103
<b>9. ANEXO II. ENTIDADES COLABORADORAS PÚBLICAS</b> .....	105

## 1. INTRODUCCIÓN

A **Fundación Amigos de Galicia** é unha **entidade sen fins lucrativos** como se mostra nos seus Estatutos, rexistrada coma **Entidade Prestadora de Servizos Sociais nº E-2199**. Tamén está rexistrada como organización Non Gubernamental para o Desenvolvemento nº 200 no Rexistro Galego de Axentes de Cooperación, no Rexistro de Entidades de Interese Galego co nº 28 (art. 2 dos Estatutos), acollida á Lei de Mecenazgo e no Rexistro de Entidades Culturais co nº 36. Asemade, a Entidade conta cun Servizo de Emprego e Orientación Laboral, a través da **Axencia de Colocación** aprobada pola Xunta de Galicia, con número de Expediente 2012/017 e **Número de Identificación 1200000013**.

Cabe destacar que as **contas da Entidade están auditadas pola empresa Galicontrol, S.A.** A Entidade conta tamén co **Certificado de Aprobación do Sistema de Xestión de Calidade de UNE EN ISO9001:2008**, aprobado e en vigor dende o 7 de outubro do 2015.

## 2. PADROADO DA FUNDACIÓN AMIGOS DE GALICIA

### **PRESIDENTE**

*Miguel Villar Costoyas*

### **SECRETARIO**

*Antonio Costa Sánchez*

### **VICEPRESIDENTE**

*Jose Andrés García Cardeso*

### **VICEPRESIDENTE**

*Rafael Mourellos Rodiño*

### **VICEPRESIDENTE**

*Gloria Rodríguez Moirón*

### **VICEPRESIDENTE**

*Saturnino Cuquejo Iglesias*

### **TESOUREIRO**

*José F. Varela Cives*

### **VOGAL**

*Jose A. Alonso Miranda*

### **VOGAL**

*Teresa Debelius Kinsey*

### **VOGAL**

*Juan Carlos Luaces Liñeiro*

### **VOGAL**

*Cristina Pazos Sanmartín*

### **VOGAL**

*Manuel Novás Caamaño*

### **VOGAL**

*María Josefa Pose Rodríguez*

### **VOGAL**

*Ramón Rodríguez Porto*

### 3. QUENES SOMOS

#### DIRECCIÓN E SUBDIRECCIÓN



**Jesús Busto Peteiro**  
*Director Xeral*



**Noelia Romero Gómez**  
*Subdirectora*

#### DPTO. DE ORIENTACIÓN LABORAL



**Jared Villaverde**  
*Orientador Laboral*

#### DPTO. DE COMUNICACIÓN E MARKETING



**Paula Chapela**  
*Xornalista*

#### DPTO. DE TRABALLO SOCIAL



**Javier Rodríguez**  
*Integrador Social*



**María García**  
*Traballadora Social*



**Jessica Martínez**  
*Integradora Social*


#### DPTO. DE ADMINISTRACIÓN



**Ángeles Rodríguez**  
*Xefa de Administración*



**María Piñeiro**  
*Oficial Administrativo*



**Raquel Iglesias**  
*Telefonista*

**DPTO. DE LOXÍSTICA**



**Marina Vega**  
*Oficial Administrativo*



**Soledad Romero**  
*Auxiliar Administrativo*



**Sebastián Rozadonsquey**  
*Transportista*



**Hernán Giugliano**  
*Transportista*



**David Fernández**  
*Transportista*



**Javier Piñeiro**  
*Almacenista*



**Julia Costa**  
*Almacenista*



**Marta Guillán**  
*Almacenista*



**Ricardo Castiñeiras**  
*Transportista*



**Cándida Rey**  
*Almacenista*



**Pilar Bemposta**  
*Oficial Lavandería*



**Marián Muíños**  
*Oficial Lavandería*




**Adela Barciela**  
*Oficial Lavandería*



**Begoña Martínez**  
*Oficial Lavandería*

CADRO DE PERSOAL		
POSTO	Nº	RETRIBUÍDO
Director Xeral	1	Fondos da Fundación Amigos de Galicia
Traballador/a Social	5	3 por Fondos da Fundación Amigos de Galicia 1 Subvencionado/a por Proxecto Proserde IX 1 Subvencionado/a por Proxecto Activación de Emprego
Integrador/a Social	2	2 Subvencionado/a por Garantía Xuvenil
Orientador/a Laboral	2	1 por Fondos Propios da Fundación Amigos de Galicia 1 Subvencionado/a por Proxecto Proserde IX
Técnico/a de Emprego	1	1 Subvencionado/a por Fondos Propios
Oficial Administrativo	7	3 Subvencionados/as por Proxecto Proserde IX 4 por Fondos Propios da Fundación Amigos de Galicia
Auxiliar Administrativo	1	Fondos Propios da Fundación Amigos de Galicia
Telefonista	1	1 Subvencionado por Garantía Xuvenil
Técnico/a en Biblioteconomía	1	1 Subvencionado/a Proxecto Activación de Emprego
Xornalista	1	Fondos Propios da Fundación Amigos de Galicia
Almacenistas – Chófer	4	2 Subvencionados/as por Garantía Xuvenil 2 por Fondos Propios da Fundación Amigos de Galicia
Almacenistas	2	Fondos Propios da Fundación Amigos de Galicia
Oficial Lavandería	3	3 Subvencionados/as por Proxecto Proserde IX
Asesor Xurídico	1	Fondos da Fundación Amigos de Galicia
Asesor Psicolóxico	1	Fondos da Fundación Amigos de Galicia

Ademais do cadro de persoal a Fundación Amigos de Galicia conta coa indispensable labor e colaboración de:





#### 4. INSTALACIÓNS DA ENTIDADE

A Entidade conta con diversos centros de traballo, oficiñas, naves e medios de transporte que permiten desempeñar diariamente a súa labor.

OFICIÑAS
Avda. de Lugo, 115 - Santiago de Compostela – <b>A Coruña</b>
Avda. López Ballesteros, 9 – Vilagarcía de Arousa - <b>Pontevedra</b>
Casa da Luz, s/n – Praza da Verdura - <b>Pontevedra</b>
Avda. de Portugal, 59 – <b>Ourense</b>

INSTALACIÓNS DA ENTIDADE	
<b>Naves</b>	Rúa Fontecarmoa nº 63 – baixo - Vilagarcía de Arousa - <b>Pontevedra</b> (almacén de roupa e lavandería)
	Avda. López Ballesteros, 9 – Vilagarcía de Arousa – <b>Pontevedra</b> (almacén de alimentos, mobles e electrodomésticos)
<b>Centros de Distribución</b>	1 en Avda. López Ballesteros, nº 9, Vilagarcía de Arousa - <b>Pontevedra</b> : dispón de 1.640m2, e inclúe 1 cámara frigorífica para a froita e legumes, 1 para conxelado e 1 para lácteos
	1 nave en Fontecarmoa, Vilagarcía de Arousa – <b>Pontevedra</b> : 480 m2, onde se atopa a lavandería
	1 en R/ Lope de Vega nº 32 Rábade – <b>Lugo</b> : almacén
	1 en R/ Tres nº 7 Polígono San Cibrao das Viñas - <b>Ourense</b> : almacén
<b>Medios de transporte</b>	1 camión de 12 toneladas
	1 furgoneta cedida
	1 mercada pola propia Fundación
	1 doada pola Fundación de La Voz de Galicia “Santiago Rey- Fernández La Torre”
	Transportes Fundación Seur



## 5. PROXECTOS DESENVOLTOS POLA ENTIDADE

### 5.1 PLAN DE LOITA CONTRA A POBREZA E A EXCLUSIÓN SOCIAL

A loita contra a pobreza infantil e a exclusión social é un dos retos da Fundación Amigos de Galicia.

Dito Plan está enfocado á cobertura das necesidades básicas das persoas en situación de carencia de recursos económicos, principalmente cando contan con menores ao seu cargo.

A axuda consiste en:

- Axudas de **alimentación**: distribuídas de forma mensual con produtos perecedoiros e non perecedoiros. Nos meses de verán e de Nadal auméntase a cantidade entregada por mor do peche dos comedores escolares
- Axuda de **roupa e calzado**
- Produtos de **hixiene e limpeza**
- **Material escolar**
- **Mobles e enseres do fogar**
- Pago de **suministros básicos**: luz, gas e débedas puntuais
- Un **xoguete novo** para todos/as os/as nenos/as que atendemos no Nadal.

Dentro deste plan atópanse inmersos os plans “**Plan De Cobertura De Necesidades Alimenticias Ás Persoas Carentes De Recursos Económicos De Galicia**” e “**Plan de Cobertura de Outras Necesidades Ás Persoas Carentes de Recursos Económicos De Galicia**”, sendo o principal obxectivo garantir a cobertura das necesidades básicas de subsistencia das persoas e familias sen recursos de Galicia.



**PLAN DE COBERTURA DE NECESIDADES ALIMENTICIAS ÁS PERSOAS CARENTES DE RECURSOS ECONÓMICOS DE GALICIA**

A Fundación Amigos de Galicia leva a cabo este Plan de Cobertura co obxectivo de garantir as necesidades alimenticias daqueles colectivos especialmente vulnerables.

<b>COLECTIVOS ATENDIDOS</b>	• Persoas en risco de exclusión social
	• Mulleres vítimas de violencia de xénero
	• Familias con menores
	• Familias monoparentais
	• Parados/as de longa duración
	• Inmigrantes
	• Estudantes universitarios/as
	• Inmigrantes retornados/as
<b>AXUDA OFRECIDA</b>	• Alimentos (de carácter mensual)
<b>APOIADO</b>	<b>Consellería de Política Social da Xunta de Galicia</b>



**PLAN DE COBERTURA DE OUTRAS NECESIDADES ÁS PERSOAS CARENTES DE RECURSOS ECONÓMICOS DE GALICIA**

A Fundación Amigos de Galicia leva a cabo este Plan de Cobertura co obxectivo de garantir outras necesidades daqueles colectivos especialmente vulnerables.

<b>COLECTIVOS ATENDIDOS</b>	• Persoas en risco de exclusión social
	• Mulleres vítimas de violencia de xénero
	• Familias con menores
	• Familias monoparentais
	• Parados/as de longa duración
	• Inmigrantes
	• Estudantes universitarios/as
	• Emigrantes retornados/as
<b>AXUDA OFRECIDA</b>	• Produtos de hixiene (de carácter semestral)
	• Enseres do fogar
	• Cambio de camas ás familias con menores a cargo
	• Vestimenta
	• Material escolar (ó comezo do curso escolar e durante o mesmo)
	• Xoguetes (no Nadal)
	• Pago de suministros e alugueres
<b>APOIADO</b>	<b>Consellería de Política Social da Xunta de Galicia</b>



## COLECTIVOS ATENDIDOS

### 1. PERSOAS EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL

Na sociedade na que vivimos existen colectivos de persoas que por diversos motivos, sofren risco de exclusión social. Trátase daquelas persoas que pola súa condición social son total ou parcialmente excluídos dunha participación plena na sociedade na que viven.

A exclusión social lévase a cabo principalmente mediante a **privación económica**. É por iso que dende a Fundación Amigos de Galicia, temos como **Misión Principal** garantir a **axuda aos colectivos con limitacións económicas e sociais, facilitando a cobertura das necesidades básicas** da vida cotiá das persoas carentes de recursos económicos.

**A loita contra a pobreza infantil e a exclusión social é un dos retos da Fundación Amigos de Galicia.**

É por iso que a Fundación Amigos de Galicia desenvolve o Plan de Cobertura enfocado á cobertura das necesidades básicas como alimentación, vestimenta, produtos de hixiene e limpeza, etc.



## 2. MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO

Qué é a violencia de xénero?

Trátase dunha violencia que afecta ás mulleres polo mero feito de selo. Constitúe un **atentado contra a integridade, a dignidade e a liberdade das mulleres**, independentemente do ámbito no que se produza.

A discriminación das mulleres e a violencia de xénero (como a manifestación máis brutal das desigualdades entre homes e mulleres) é un problema que está presente na maior parte dos países do mundo.

A **Fundación Amigos de Galicia** defende os dereitos das mulleres galegas que sofren violencia machista, que por tal teñen dereito á asistencia social integrada, asistencia xurídica e unha serie de dereitos laborais.

Dende a Fundación Amigos de Galicia, prestámoslles as **axudas** seguintes:

- 1- **Información e asesoramento** dos trámites para facer valer os seus dereitos, e das axudas existentes.
- 2- Unha **axuda de alimentos inmediata** no cadro da alimentación completa, consistente nun paquete de alimentos composto por produtos básicos.
- 3- Unha **axuda en vestimenta e hixiene persoal**, así como cueiros para os fillos que poidan ter ao seu cargo.
- 4- **Cursos de formación** orientados ás súas necesidades específicas.
- 5- **Axudas diversas**: na busca de vivenda, no pago de alugueres e determinadas achegas económicas que poidan ser necesarias.

### 3. FAMILIAS CON MENORES

**A RAE entende a *infancia* como o período da vida humana dende o nacemento ata á pubertade.**

De acordo á Convención dos Dereitos do Neno, enténdese por neno/a a aquela persoa que non cumpriu os 18 anos. A través deste tratado enfatízase que os/as nenos/as teñen os mesmos dereitos que se desprenden da súa especial condición de seres humanos que, por non alcanzar o seu desenvolvemento físico e mental pleno, requiren de protección especial.

É por iso, que a Fundación Amigos de Galicia, presta especial atención ós dereitos da infancia traballando a diario por asegurar as súas necesidades básicas como a alimentación, hixiene, escolaridade, etc.

#### **Familias monoparentais**

No caso das familias monoparentais, o coidado, mantemento, educación e hixiene do menor ou menores son responsabilidade do proxenitor a cargo. Por tanto, e dado as dificultades que pode xerar a conciliación da vida familiar e laboral, así como do deterioro do mercado de traballo e o debilitamento das redes de parentesco; moitas veces as familias monoparentais convértense en vítimas de situacións de pobreza e necesidade social.

Por elo, dende a **Fundación Amigos de Galicia**, préstase atención ás familias monoparentais con menores a cargo que se atopen en situación de necesidade. A axuda consiste nun **paquete de alimentos composto por produtos básicos, que varía o seu tamaño en relación aos membros da unidade familiar**; así como produtos de hixiene, mobles, material escolar, etc.





#### 4. PARADOS/AS DE LONGA DURACIÓN

Enténdese por parado/a de longa duración, aquela **persoa que leva en situación de desemprego un mínimo de 12 meses**. A situación de desemprego, xunto coa carencia de ingresos e a obriga de manter a un determinado número de fillos/as, convérteno en colectivo vulnerable en situación de necesidade.

Por tanto, a **Fundación Amigos de Galicia préstalles a axuda** de alimentos, consistente nun paquete composto por produtos básicos tales como: arroz branco, pasta, aceite, leite UHT, leite en pó, leite de continuación para bebés, azucre, madalenas, garavanzos, lentellas, fabas, cacao, fariña, carne, conservas, ovos, tomate frito, chourizo, queixo, arroz con leite, galletas, cereais, batidos, patacas, polo, froita, peixe conxelado, croquetas, verdura conxelada, polbo, etc.

Ademais, a Fundación pon á súa disposición a **Axencia de Colocación con ID.1200000013** autorizada pola Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, que ten como obxectivo mellorar a empregabilidade, a busca activa de emprego e a inserción laboral das persoas desempregadas en xeral, facendo fincapé naquelas que se encontran nunha situación de dificultade para a integración laboral.





## 5. INMIGRANTES

Enténdese por inmigración a entrada a un país ou rexión de persoas que naceron ou proceden de outro lugar.

**A Fundación Amigos de Galicia presta especial atención ás minorías étnicas,** dotando da axuda de alimentos ás persoas que pertencendo a unha minoría étnica, atópanse nun estado de necesidade. Ademais da axuda alimenticia, reciben produtos de hixiene e limpeza, enseres do fogar, mobles e outras necesidades en función de cada caso persoal.

Ademais, a entidade pon a disposición das persoas inmigrantes un boletín de distribución mensual con información orientada.



## 6. EMIGRANTES RETORNADOS/AS

A **Fundación Amigos de Galicia entrega paquetes coa alimentación básica mensualmente a cada familia no seu propio concello**. En atención ás súas demandas, tamén cobre as necesidades de roupa e calzado (que no caso dos menores será roupa nova para evitar a súa marxinação), así como de produtos de hixiene e escolares. Ademais, en situacións extremas a Fundación Amigos de Galicia realiza achegas económicas para o pago da luz, auga, gas...

**Tamén en casos puntuais, a Fundación xestiona a documentación previa e posterior que han de presentar as persoas retornadas**, así como a tramitación de axudas a favor dos emigrantes retornados (asistenciais, integración laboral, acción de información sociolaboral e programas de formación profesional de carácter ocupacional) e as pensións a favor dos españois retornados que emigraron entre 1936-1942. Tamén, se é o caso, se tramitará dende a Fundación a convalidación e a homologación de títulos de estudos de educación non universitaria e educación superior, así como calquera trámite que se considerase oportunamente necesario e que non estivese citado con anterioridade.

### **PLAN DE APOIO ÓS/AS GALEGOS/AS RETORNADOS/AS**

Esta axuda consiste en ofrecer aos socios/as dos centros galegos a posibilidade de recibir por parte da Fundación Amigos de Galicia axuda xurídica na comunidade autónoma, axuda coas xestións coas administracións galegas e apoio social para retornar a Galicia.

Na actualidade, a Fundación Amigos de Galicia viu incrementada a axuda aos galegos/as retornados/as de Venezuela. É o caso de moitas familias galegas que abandoaron o país pola situación política. Actualmente, dadas as súas dificultades de integración, reciben unha axuda mensual para a súa integración na sociedade galega. Tamén se lles está prestando axuda a familias de Venezuela que non están cobrando as súas pensións.

En América, xa recibiron axuda por parte da Fundación galegos/as residentes en Cuba, Uruguay e Arxentina.

Estamos en contacto directo con todos os centros galegos de América para xestionar os problemas que teñen os/as socios/as galegos con escasos recursos nos países nos que habitan actualmente e principalmente cos retornados a Galicia, facilitando a súa integración.

### PROTOCOLO DO PLAN INTEGRAL DE COBERTURA

Todas as axudas prestadas ós/ás usuarios/as da Entidade contan cun informe social realizado polos Servizos Sociais, ben dos concellos, nos cales existe convenio de colaboración, ou ben polos organismos que derivan familias, coma os Centros de Menores da Xunta de Galicia, SERGAS, Cáritas, Cruz Vermella, etc.


As familias que se dirixen directamente á Entidade, pertencentes ós concellos sen convenio de colaboración, son valoradas polo Dpto. De Traballo Social da Fundación.

A partir do 2015, debido ó aumento constante das familias que solicitan axuda, solicítanse ós Servizos Sociais dos concellos cos que existe un convenio de colaboración, un informe social da situación actual de carencia de recursos e da situación de necesidades de coberturas básicas.

Todas as actuacións realizadas pola Fundación **son gratuítas** para os/as usuarios/as.

#### Evolución dos/as usuarios/as do Plan Integral de Cobertura

A Fundación Amigos de Galicia realizou no 2016, un total de **42.470 atencións a usuarios/as** dentro do Plan Integral de Cobertura, dos cales **15.728 foron actuacións a menores**. Para a Entidade, o obxectivo principal da mesma é a cobertura das necesidades básicas dos/as nenos/as e que se cumpran os dereitos da infancia.



### 5.1.2 PROXECTO PARA A INFORMACIÓN AO COLECTIVO INMIGRANTE

A Fundación Amigos de Galicia desenvolve o **PROXECTO PARA A INFORMACIÓN AO COLECTIVO INMIGRANTE** co obxectivo de garantir tanto a súa inserción na sociedade coma no mercado laboral. Durante o ano 2016 a entidade atendeu 6.000 persoas inmigrantes.

A entidade ofrece:

- Atención personalizada
- Accións enfocadas á Formación e Alfabetización
- Orientación Laboral
- Itinerarios Personalizados de Inserción Laboral

**Proxecto apoiado pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia**

### 5.1.3 PROXECTO DE AXUDA ÁS MULLERES QUE SOFREN OU SUFRIRON VIOLENCIA DE XÉNERO EN GALICIA

O proxecto de **AXUDA ÁS MULLERES QUE SOFREN OU SUFRIRON VIOLENCIA DE XÉNERO EN GALICIA** vai dirixido a mulleres vítimas de violencia de xénero ou en risco de sufrila. A entidade pon a disposición das usuarias un programa integral que contempla asesoramento xurídico, laboral, social e psicolóxico, traballando ademais no eido da prevención.

En relación á **atención psicolóxica persoal** ofrécese asesoramento e orientación a nivel individual, reforzo de estima, detección e prevención de situación de violencia de xénero.

Ponse a disposición ademais o servizo de **asesoramento xurídico** para que as mulleres, previa cita, ou ben por valoración do equipo interdisciplinar, entendan a distinta documentación que lles chega dende os xulgados, respondan aos distintos trámites como divorcios, separacións, indemnizacións, etc.

Neste eido tamén desenvolveuse un curso de **iniciación ao galego** e un **obradoiro para habilidades de integración laboral**.

O programa ofreceu tamén **asesoramento e acompañamento na busca de emprego**, realizando itinerarios de inserción personalizada adaptados ás características persoais de cada unha das usuarias.

Finalmente, atendéronse ao longo do 2.016, **496 usuarias**.

**Este proxecto foi apoiado pola Consellería da Presidencia – Secretaria Xeral de Igualdade, Deputación de A Coruña e Deputación de Pontevedra.**

#### 5.1.4. PROXECTOS DE RECOLLIDA DE TAPÓNS

Son moitos os/as nenos/as galegos/as que precisan de tratamentos para mellorar a súa saúde e poder desenvolverse no seu entorno. En ocasións, os tratamentos que precisan os/as nenos/as son cubertos pola Seguridade Social, pero non sempre coa asiduidade que precisan. A Fundación Amigos de Galicia leva a cabo campañas de recollidas de tapóns para financiar os custos dos tratamentos que as familias non se poden permitir.

---

#### NENOS/AS ATENDIDOS/AS DURANTE O 2016



Álex é un neno de 9 anos de Vigo con diagnóstico de prematuridade moderada, convulsións neonatais, leucomalacia periventricular, encefalopatía hipóxico-isquémica.

**Importe do tratamento durante 2016: 1.386€ (Dous meses)**  
**TOTAL DO TRATAMENTO PAGADO: 5.796€**



Alistair é un neno de 13 anos de Taboadela que padece retraso madurativo global, parálise cerebral infantil, epilepsia e refluxo gastroesofágico que determinan unha discapacidade do 87%.

**Importe do tratamento durante 2016: 1.170,00€ (Dous meses)**  
**TOTAL DO TRATAMENTO PAGADO: 8.020€**



Iria é unha nena de 14 anos de Taboadela que padece discapacidade do 86% con retraso madurativo, síndrome persilviano, epilepsia e microencefalia.

**Importe do tratamento durante 2016: 780,00€ (Catro meses)**  
**TOTAL DO TRATAMENTO PAGADO: 2.370€**



Nahir é unha nena de 5 anos de Pontevedra que padece tetraparesia discinética con parálise cerebral infantil.

**Importe do tratamento durante 2016: 882,50€ (Dous meses)**  
**TOTAL DO TRATAMENTO PAGADO: 3.344€**

### 5.1.5. OUTROS SERVIZOS PRESTADOS POLA FUNDACIÓN AMIGOS DE GALICIA

#### ENTREGAS DE ALIMENTOS

A Fundación Amigos de Galicia colabora con outras entidades de carácter social como comedores sociais, residencias, etc. coa entrega de alimentos (froita, conservas, legumes, etc.) mercados pola Fundación Amigos de Galicia, contando coa colaboración do FOGGA e coas doazóns de empresas que doan de maneira constante.

Entidades de A Coruña	Quilos
Fundación Sen Esquencer	175,1
Entidades de Lugo	Quilos
Cáritas Interparroquial Sarria	2.108,6
Entidades de Ourense	Quilos
Fundación San Rosendo	13.069,72
Entidades de Pontevedra	Quilos
Asilo de Caldas. Hermanitas de los Ancianos Desamparados	11.683,22
Asociación Bata	709,08
Asilo de Cambados	11.599,8
Asociación Con Eles	2.038,04
Asociación Princesa Letizia Amencer	682,8
Cáritas Interparroquial de Arousa	1.313,6
Cáritas Noalla	384
Centro Reto a la Esperanza. Pontevedra	7.456,40
Comedor de la Esperanza. Vigo	2.742,4
Comedor San Francisco	105,00
Comedor Vida Digna	22.529,39
Fundación Aldaba	1.195,35
Fundación Asilo Hospitalillo Vilagarcía	1.666,9
Fundación Érguete	1.011,84
Hermanos Pobres de Teis	6.354,9
Reto a la Esperanza	70,00



Actuacións ao longo dos 12 meses do ano 2016	49.693
Aportación económica realizada	221.174,03€



## 5.2 PROXECTOS DESENVOLTOS PARA DEMANDANTES DE EMPREGO



A Axencia de Colocación con ID. 1200000013 autorizada pola Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, ten como obxectivo mellorar a empregabilidade, a busca activa de emprego e a inserción laboral das persoas desempregadas en xeral, facendo fincapé naquelas que se encontran nunha situación de dificultade para a integración laboral.

### 🌸 COLECTIVOS ATENDIDOS:

- Persoas en risco de exclusión social
- Parados/as de longa duración
- Inmigrantes
- Menores de 30
- Maiores de 45
- Mulleres vítimas de violencia de xénero
- Persoas con escasa ou nula formación

### PROGRAMA 2016

#### SERVIZO DE ORIENTACIÓN LABORAL

Información e orientación sobre o mercado de traballo

Información e orientación de cara ao autoemprego

Itinerarios Personalizados de Inserción Laboral

Citas de orientación laboral

Elaboración e divulgación semanal do Boletín de Ofertas de Emprego

#### PROSPECCIÓN NO MERCADO DE TRABALLO, INTERMEDIACIÓN E INSERCIÓN LABORAL

Bolsa de emprego con variedade de perfís

Mediación coas empresas

Preselección/selección de candidaturas

Inserción laboral

Seguimento dos postos de traballo cubertos

## ACTIVIDADES DESENVOLTAS

---

III Plan de Inserción Laboral  
Campaña da Vendima 2016

Boletín de Ofertas de Emprego

### Cursos e Talleres:

- Talleres de busca de emprego
- Cursos de persoal das empresas conserveiras, continuando o curso realizado durante o 2015
- Curso de manipulador de alimentos
- Curso de Restaurador de muebles



## BOLSA DE EMPREGO

---

**Colectivos atendidos:** Desempregados/as e ocupados/as en busca de mellorar a súa empregabilidade.

**Número de atencións ao longo do ano 2016:** 1.109 persoas.

### PROXECTO LABORAL – ITINERARIOS PERSONALIZADOS DE INSERCIÓN LABORAL

**Colectivos atendidos:** Persoas en risco de exclusión social.

**Número de persoas atendidas:** 52

**Número de insertados:** 41

**Subvencionado pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia**

## PROXECTO PONTE\_EN\_IGUALDADE

**Colectivos atendidos:** Mulleres vítimas de violencia de xénero, persoas con escasa ou nula formación, persoas en risco de exclusión social, mozos/as con escasa formación ou experiencia, parados/as de longa duración, maiores de 45 anos, inmigrantes.

**Número de persoas atendidas:** 96

**Concellos:** Pontevedra

**Gasto total do proxecto:** 41.650,66€

**Subvención do Concello de Pontevedra:** 1.800€



## PROXECTO PONTE\_ENMARCHA

**Colectivos atendidos:** Mulleres vítimas de violencia de xénero, persoas con escasa formación, parados/as de longa duración, maiores de 45 anos, persoas en risco de exclusión, inmigrantes, mozos/as con escasa formación.

**Número de persoas atendidas:** 44

**Concellos:** As Neves, Cambados, Caldas de Reis, Cuntis, Fornelos de Montes, O Grove, Silleda, Redondela, Pontecesures, Pontevedra, Vigo e Vilagarcía de Arousa.

**Gasto total do proxecto:** 77.956,39€

**Subvención da Deputación de Pontevedra:** 6.146€.



## Protocolo para demandantes de emprego

O protocolo a seguir no relativo á Axencia de Colocación comeza coa inscrición en dito servizo, para o cal é preciso coñecer os datos persoais, académicos, experiencia profesional, así coma tamén, se é beneficiario dalgunha prestación ou axuda. Esta información é enviada mensualmente ó Servizo Público de Emprego.

O rexistro dos demandante na Entidade permite que o usuario estea informado semanalmente das ofertas de emprego privadas, públicas, formación, das convocatorias e axudas que lles poidan interesar, e asemade formar parte da bolsa de emprego e optar ás ofertas de traballo recadadas grazas á intermediación coas empresas.

Unha vez inscrito/a, o servizo consta de tres tipo de accións:

- **A orientación laboral e deseño de Itinerarios Personalizados de Inserción Laboral**, o cal consiste en realizar un plan de accións en función do perfil persoal, profesional e académico, para unha correcta busca activa de emprego.
- **A formativa**, na cal se ofertan cursos e obradoiros impartidos pola propia Entidade, para a integración laboral das persoas en risco de exclusión social.
- Accións de **inserción laboral**, nas cales o/a técnico/a de emprego realiza accións de prospección no mercado de traballo e de intermediación laboral coas empresas. A Entidade mantén convenios de colaboración con empresas privadas galegas que permiten a incorporación laboral dos usuarios da Entidade. Finalmente, se é preciso e solicitado polos Servizos Sociais dos concellos, realízase un informe laboral para ser coñecedor das accións realizadas e da situación actual do demandante.

A Entidade dispón dunha páxina web de emprego, (<http://empregogalicia.org/>) na cal os/as usuarios/as poden rexistrarse e obter información actualizada e constante.

## 6. OUTRAS ACTIVIDADES

### 6.1. PROXECTO DE PROMOCIÓN DA CULTURA GALEGA

O obxectivo do proxecto é o de realizar actividades para a divulgación e difusión da cultura galega e a lingua galega.

- **Actividades desenvoltas ao longo do 2016**

***Homenaxe ao escrito homenaxeado no Día das Letras Galegas*** – Manuel María, recoñecido coa máxima distinción da Fundación Grelo de Ouro entregado en Lugo por D. Manuel Fraga, Presidente da Xunta de Galicia.

***XXIX Grelo de Ouro***: outorgado ao Dr. Miguel Enrique Cabanela González – Seco.

***XIV Premio Nacional de Gastronomía Tradicional “Lola Torres”***, ó restaurante guipuzkoano Akelare de Pedro Subijana Reza.

***Día das Letras Galegas e 29 Aniversario da Fundación Amigos de Galicia***\_ Festival na Carballeira de Santa Isabel en Outeiro de Rei

- **Publicacións:**

- **Reedición \_ *Cantarolas para xente miuda*** – Suso Vaamonde
- ***Castelao – Lingua, espiritualidade e familia*** – Monseñor Miguel Anxo Araújo Iglesias
- ***Limiar*** – Suso Busto
- **Reedición \_ *Soños na gaiola***\_ Suso Vaamonde



## 6.2. COOPERACIÓN NACIONAL E INTERNACIONAL

### Cooperación Nacional

A Fundación Amigos de Galicia vén desenvolvendo ao longo dos seus anos de actividade diferentes proxectos de cooperación nacional dirixidos a paliar necesidades concretas en España.

No ano 2011, a entidade enviou 30 toneladas de alimentos para os/as afectados/as do terremoto en Lorca (Murcia). Ademais do envío de alimentos, a Fundación Amigos de Galicia encargouse da preparación das comidas para os/as afectados/as durante dous días, actuando en nome de Galicia como entidade solidaria.

Actualmente, a entidade colabora con diferentes centros galegos en España, como a Asociación Cultural Cova da Serpe (Barcelona), e outros centros nos que presta axuda a persoas en risco de exclusión social.

### Cooperación Internacional

A Fundación Amigos de Galicia vén desenvolvendo unha importante laboura de cooperación internacional con diferentes países da xeografía mundial de cara a paliar necesidades concretas.

Actuacións realizadas con anterioridade da Fundación Amigos de Galicia:

- Asilo Santovenia (A Habana): A entidade entregou dúas furgonetas -ambulancia para o Asilo Santovenia (A Habana) para trasladar aos anciáns residentes no asilo ata o hospital. A entrega dunha das furgonetas realizouse en cooperación cos concellos de Monforte e Viveiro e coa colaboración do concesionario Peugeot-Martínez de Lugo; e a outra en colaboración con Automóviles Santiago Iglesias de Vilagarcía de Arousa. Neste centro viven 500 cubanos e 51 galegos/as. Ademais repartíronse máis de 100 toneladas de alimentos no Centro Galego da Habana para os galegos residentes no país.
- Hogar Español de Montevideo (República de Uruguay): Entrega dunha furgoneta. Esta residencia atende a 221 anciáns.



- Durante o terremoto de Haití no ano 2010, a Fundación Amigos de Galicia enviou máis de 100 toneladas de alimentos en cooperación con Caritas España, Caritas República Dominicana e Caritas Haití.

**Na actualidade** a Fundación Amigos de Galicia mantén **relacións periódicas con todos os centros galegos no mundo**, prestando axuda xurídica, axudas coas xestións das administracións galegas e apoio social para o retorno a Galicia. Neste sentido destacan as actuacións coa Sociedade Galega de Arantei, Vilamarín e A Peroxa (República de Arxentina), no Fogar Español (República de Uruguay), na Casa de Galicia na República de Uruguay e cos galegos/as retornados/as da República de Venezuela

A entidade realizou en 2016 un envío á República de **Angola** de axuda para a atención de 220 nenos/as, actuación xestionada polas Religiosas Franciscanas Misioneras de la Madre del Divino Pastor. Esta actuación sigue en funcionamento no ano 2017 e conta coa colaboración de D. Ramiro Carregal Rey, propietario da conserveira Frinsa del Noroeste e Presidente de Honor da Fundación Amigos de Galicia.

Asemade, a Fundación presta axuda a inmigrantes dende o seo do país de orixe e a emigrantes galegos en **América**, destacando no 2016 a axuda aos residentes en **Venezuela**.



\*As misioneiras de la Madre del Divino Pastor, recibindo a axuda da Fundación Amigos de Galicia en Angola

## 7. SERVICIOS PRESTADOS E APORTACIÓNS REALIZADAS

A Fundación Amigos de Galicia durante o ano 2016, desenvolveu os plans **“Plan De Cobertura De Necesidades Alimenticias Ás Persoas Carentes De Recursos Económicos De Galicia”** e **“Plan de Cobertura de Outras Necesidades Ás Persoas Carentes de Recursos Económicos De Galicia”**, sendo o principal obxectivo garantir a cobertura das necesidades básicas de subsistencia das persoas e familias sen recursos de Galicia.

Estes plans atópanse inmersos no **“Plan Integral de Loita contra a Pobreza e a Exclusión Social”**, levado a cabo tanto nos concellos cos que existe convenio de colaboración, coma nos que non. Dentro destas coberturas aténdese as necesidades básicas, dende os alimentos, vestimenta, enseres do fogar, material escolar e roupa, como tamén agasallos de Nadal, en toda a xeografía galega. A continuación móstrase os concellos os cales reciben axudas económicas, diferenciando aqueles cos que se mantén convenio de colaboración e/ou subvención e cos que non se mantén ningún vínculo económico.



## 7.1 Concellos cos que se mantén Convenio e/ou Subvención

### 7.1.1 Provincia de A Coruña



CONCELLO DE A BAÑA

Aportacións realizadas ao Concello de A Baña	Valor económico
Alimentos	29.695,68€
Hixiene e Limpeza	414,35€
Vestimenta	603,50€
Mobiliario	420,55€
Electrodomésticos	248,50€
Material escolar	58,50€
Gastos de distribución – Gasoil	379,89€
Gastos de distribución – Caixas/Bolsas	441,34€
Gastos de persoal	1.850,00€
Administración	140,35€
<b>TOTAL</b>	<b>34.252,66€</b>





Actuacións ao longo dos 12 meses do ano		567
Adultos	434	Menores
		133



CONCELLO DE A LARACHA

Aportacións realizadas ao Concello de A Laracha	Valor económico
Alimentos	27.654,32€
Hixiene e Limpeza	470,32€
Vestimenta	553,50€
Xoguetes	17,50€
Gastos de distribución	900,00€
Gastos de persoal	2.188,60€
Administración	115,00€
<b>TOTAL</b>	<b>31.899,24€</b>




Actuacións ao longo dos 12 meses do ano		622	
Adultos	428	Menores	194




CONCELLO DE BOQUEIXÓN

Aportacións realizadas ao Concello de Boqueixón	Valor económico
Alimentos	12.251,11€
Hixiene e Limpeza	87,66€
Vestimenta	262,10€
Xoguetes	83,95€
Gastos de distribución – Gasoil	376,00€
Gastos de distribución – Caixas/Bolsas	392,30€
Gastos de persoal	2.597,11€
Administración	140,76€
<b>TOTAL</b>	<b>16.190,99€</b>

Usuarios/as atendidos mensualmente



Valoración das aportacións económicas




Actuacións ao longo dos 12 meses do ano		<b>248</b>	
Adultos	159	Menores	<b>89</b>



CONCELLO DE CARBALLO

Aportacións realizadas ao Concello de Carballo	Valor económico
Alimentos	14.448,32€
Material escolar	215,29€
Gastos de distribución – Gasoil	1.880,00€
Gastos de distribución – Material embalaxe	2.181,63€
Gastos de persoal	6.192,51€
Gastos correntes	915,35€
<b>TOTAL</b>	<b>25.833,09€</b>





<b>Familias atendidas ao longo dos 12 meses do ano</b>		<b>141</b>
<b>Adultos</b>	<b>97</b>	<b>Menores</b>
		<b>44</b>





CONCELLO DE CERCEDA



Aportacións realizadas ao Concello de Cerceda	Valor económico
Alimentos	33.213,26 €
Hixiene e Limpeza	724,03€
Xoguetes	171,70€
Gastos de distribución	387,60€
Gastos de persoal	2.461,68€
Administración	109,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>37.067,27 €</b>



Actuacións ao longo dos 12 meses do ano		784	
Adultos	512	Menores	272



Aportacións realizadas ao Concello de Fene	Valor económico
Alimentos	36.584,02€
Hixiene e Limpeza	721,66€
Vestimenta	4.044,20€
Mobiliario	1.070,00€
Electrodomésticos	389,00€
Material escolar	2.563,30€
Xoguetes	398,15€
Gastos de distribución	528,20€
Gastos de persoal	4.557,34€
Administración	240,95€
<b>TOTAL</b>	<b>51.096,82€</b>





<b>Actuacións ao longo dos 12 meses do ano</b>			<b>760</b>
<b>Adultos</b>	<b>426</b>	<b>Menores</b>	<b>334</b>



**CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS**

Aportacións realizadas ao Concello de Malpica de Bergantiños	Valor económico
Alimentos	33.707,26€
Hixiene e Limpeza	581,76€
Mobiliario	240,00€
Material escolar	616,55€
Xoguetes	27,65€
Gastos de distribución	444,60€
Gastos de persoal	2.461,68€
Administración	132,73€
<b>TOTAL</b>	<b>38.212,23€</b>





Actuacións ao longo dos 12 meses do ano			721
Adultos	572	Menores	149



CONCELLO DE OROSO

Aportacións realizadas ao Concello de Oroso	Valor económico
Alimentos	33.096,14€
Hixiene e Limpeza	682,81€
Material escolar	131,45€
Xoguetes	122,20€
Pago suministros a beneficiarios (Luz)	347,02€
Gastos de distribución - Gasoil	990,00€
Gastos de distribución – Caixas/Bolsas	980,76€
Gastos de persoal	2.546,80€
Administración	145,05€
<b>TOTAL</b>	<b>39.042,01€</b>





Actuacións ao longo dos 12 meses do ano		649
Adultos	397	Menores 252



CONCELLO DE RIANXO

Aportacións realizadas ao Concello de Rianxo	Valor económico
Alimentos	41.457,77€
Hixiene e Limpeza	590,50€
Vestimenta	1.465,60€
Mobiliario	155,00€
Material escolar	55,85€
Xoguetes	131,80€
Gastos de distribución - Gasoil	356,00€
Gastos de distribución – Caixas/Bolsas	487,35€
Gastos de persoal	2.597,11€
Administración	143,50€
<b>TOTAL</b>	<b>47.440,48€</b>





Actuacións ao longo dos 12 meses do ano		828	
Adultos	629	Menores	199



CONCELLO DE RIVEIRA

Aportacións realizadas ao Concello de Riveira	Valor económico
Alimentos	64.289,44€
Alimentación Infantil	4.306,83€
Hixiene e Limpeza	856,89€
Vestimenta	37,50€
Xoguetes	175,65€
Mobiliario	75,00€
Gastos de distribución	218,88€
Gastos de persoal	2.461,68€
Administración	109,00€
<b>TOTAL</b>	<b>72.530,87€</b>





Actuacións ao longo dos 12 meses do ano		1.315
Adultos	885	Menores 430





CONCELLO DE TEO



Aportacións realizadas ao Concello de Teo	Valor económico
Alimentos	57.081,08€
Hixiene e Limpeza	495,68€
Xoguetes	169,70€
Gastos de distribución	186,20€
Gastos de persoal	2.461,68€
Administración	109,00€
<b>TOTAL</b>	<b>60.503,34€</b>



Actuacións ao longo dos 12 meses do ano		1.102
Adultos	764	Menores 338

**CÁRITAS DE CALO (TEO)**

Aportacións realizadas a Caritas de Calo (Teo)	Valor económico
Alimentos	7.790,37€
Material escolar	15,10€
Hixiene e Limpeza	61,16€
Xoguetes	34,95€
Gastos de distribución	186,20€
Gastos de persoal	1.094,08€
Administración	75,60€
<b>TOTAL</b>	<b>9.257,46€</b>





Actuacións ao longo dos 12 meses do ano		204	
Adultos	156	Menores	48



CONCELLO DE VAL DO DUBRA

Aportacións realizadas ao Concello de Val do Dubra	Valor económico
Alimentos	20.908,61€
Hixiene e Limpeza	205,28€
Xoguetes	22,20€
Gastos de distribución – Gasoil	354,60€
Gastos de distribución – Caixas /Bolsas	150,20€
Gastos de persoal	1.650,00€
Administración	143,20€
<b>TOTAL</b>	<b>23.434,09€</b>





Actuacións ao longo dos 12 meses do ano		319	
Adultos	279	Menores	40



**CONCELLO DE VILASANTAR**

Aportacións realizadas ao Concello de Vilasantar	Valor económico
Alimentos	24.963,96€
Hixiene e Limpeza	192,53€
Xoguetes	17,90€
Gastos de distribución	418,00€
Gastos de persoal	2.461,68€
Administración	101,20€
<b>TOTAL</b>	<b>28.155,27€</b>





<b>Actuacións ao longo dos 12 meses do ano</b>		<b>420</b>
<b>Adultos</b>	<b>333</b>	<b>Menores</b>
		<b>87</b>

7.1.2 Provincia de Lugo



CONCELLO DE CASTRO DE REI

Aportacións realizadas ao Concello de Castro de Rei	Valor económico
Alimentos	8.608,22€
Hixiene e Limpeza	37,35€
Xoguetes	10,75€
Gastos de distribución – Gasoil	594,00€
Gastos de distribución – Caixas/Bolsas	324,90€
Gastos de persoal	2.396,00€
Administración	120,35€
<b>TOTAL</b>	<b>12.091,57€</b>





<b>Actuacións ao longo dos 12 meses do ano</b>			<b>232</b>
<b>Adultos</b>	<b>158</b>	<b>Menores</b>	<b>74</b>



CONCELLO DE CHANTADA

Aportacións realizadas ao Concello de Chantada	Valor económico
Alimentos	46.258,79€
Hixiene e Limpeza	994,63€
Material escolar	89,35€
Xoguetes	381,60€
Desprazamentos vendimas	30,30€
Gastos de distribución	568,00€
Gastos de persoal	2.461,68€
Administración	109,00€
<b>TOTAL</b>	<b>50.893,35€</b>





Actuacións ao longo dos 12 meses do ano		1.514	
Adultos	787	Menores	727





CONCELLO DE GUNTÍN

Aportacións realizadas ao Concello de Guntín	Valor económico
Alimentos	8.319,57€
Hixiene e Limpeza	303,14€
Xoguetes	64,20€
Gastos de distribución – Gasoil	253,26€
Gastos de distribución – Caixas/ Bolsas	196,15€
Gastos de persoal	1.250,70€
Administración	102,50€
<b>TOTAL</b>	<b>10.489,52€</b>




<b>Actuacións ao longo dos 12 meses do ano</b>			<b>148</b>
<b>Adultos</b>	<b>101</b>	<b>Menores</b>	<b>47</b>



**CONCELLO DE LUGO**

Aportacións realizadas ao Concello de Lugo	Valor económico
Alimentos, Hixiene, Material Escolar...	41.784,30€
Gastos de distribución – Gasoil	5.219,27€
Gastos de persoal	6.184,12€
Gastos xerais do proxecto: material oficina, teléfono, etc.	1.209,05
<b>TOTAL</b>	<b>54.396,74€</b>





<b>Persoas atendidas ao longo dos 12 meses do ano</b>		<b>529</b>
<b>Adultos</b>	<b>300</b>	<b>Menores</b>
		<b>229</b>



CONCELLO DE O PÁRAMO

Aportacións realizadas ao Concello de O Páramo	Valor económico
Alimentos	6.679,71€
